

## FEIRA DO LIBRO DA HABANA



Ánxela Bugallo durante a presentación no CGAC do balance, acompañada de Alfonso Sanmartín, Ramón Villares, Luís Bará, Elías Torres e Cesáreo Sánchez

**BALANCE** Bugallo ponlle cifras á presenza galega en Cuba: gastaron 1,3 millóns de euros, moito menos dos 2,1 de Andalucía en Guadalaxara e os 11,5 millóns de Cataluña en Francfort

# "Inmensamente orgullosos"

**A conselleira atribúe ao "fragor da campaña preelectoral" o balbordo das críticas**

maré · Santiago

A Consellería de Cultura "investiu" 1,3 millóns de euros en difundir e promocionar internacionalmente a cultura galega na Feira Internacional do Libro da Habana, unha cifra moi inferior aos 2,1 millóns que gastou Andalucía como cultura invitada na Feira do Libro de Guadalaxara (México) e a notable distancia dos 11,5 millóns que investiu Cataluña como invitada de honra na Feira de Francfort. As cifras proporcionounas a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e algúns dos representantes da industria cultural galega na súa comparecencia ante os medios de comunicación para avaliar a presenza galega en Cuba.

Fronte ás críticas que suscitou esta embaixada cultural, especialmente por parte dos medios radicados en Madrid pero tamén algúns galegos, Bugallo, afirmou que "non hai nada que xustificar" e que, "mentres outros ían con outros obxectivos" a Cuba e en épocas electorais, nesta ocasión a cultura galega acudiu "invitada" a un evento que se celebra nunhas datas concretas e saíu de



Algúns integrantes da embaixada estiveron onte facendo tamén un balance da feira

Galicia "a facer o que tiña que facer". Ademais, xustificou que o investimento en cultura ten carácter "estratéxico".

O presidente da Asociación Galega de Editores (AGE), Afonso García Sanmartín, coincidiu co sentir xeral de que a participación foi "un éxito" e atribuíu as críticas que recibiu a delegación ó "fragor da campaña preelectoral" e ó "descoñecemento". Segundo os datos facilitados

onte, a Feira Internacional do Libro da Habana pechou as súas portas con 520.000 visitantes e 1,2 millóns de libros vendidos, dos que máis de cinco mil pertencían a editoriais galegas.

Pola Xunta, o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, foi o primeiro en "agradecer" o esforzo e o traballo do que definiu como unha delegación cultural "ampla e plural" que actuou como

"excelente embaixada" na Feira da Habana a través dunha "proposta cultural colectiva".

Constatou que con esta participación en Galicia podemos sentirnos "inmensamente orgullosos do noso país e do mundo da cultura", xa que se ofreceu a imaxe dunha cultura "viva, puxante e vigorosa" que, segundo destacou, "ten a necesidade de saír fóra e presentarse no mundo". ●

## O DATO

**O 37% do orzamento de promoción exterior**

Galicia protagonizou 200 actividades literarias e artísticas, 11 exposicións, a presentación de libros. Na feira participaron 19 editoriais galegas, que na casa de AGE venderon os 6.000 libros que levaron; mentres que a Xunta editou 150.000 libros, 200.000 antoloxías, 100.000 cartolinas e 50.000 folletos. Delles, aqueles que non se venderon nin repartiron foron doados ós centros educativos de Cuba.

Bugallo recalcou que A Habana é "un paso clave" na proxección internacional da cultura galega, que enlaza coa petición de ser cultura invitada na Feira do Libro de Guadalaxara no 2011. Tras apuntar que o investimento en cultura é "estratéxico", detallou que se empregaron 1,3 millóns -dos 3,5 millóns destinados a proxección internacional na consellería- e que a delegación estivo formada por 150 escritores, artistas, editores, profesores e persoal técnico, ao que hai que sumar os integrantes da Filharmonía.

FEIRA DO LIBRO DA HABANA

**BALANCE** Nunca os escritores galegos estiveron diante de tantos ollos como estas dúas últimas semanas na illa caribeña, onde até nos autobuses públicos se lía a Vicente Risco

# Apoteose galego-cubana

**A multitude foi a protagonista dos concertos de Dios ke ke te crew, Mercedes Peón ou Carlos Núñez**

maré Santiago

As persoas que non estiveron na Feira do Libro da Habana dificilmente poden imaxinar as dimensións dun encontro que fai vibrar a cidade enteira como en Compostela –por exemplo– fai vibrar a Festa do 25 de xullo. Aos representantes das editoriais galegas, entre eles o presidente da asociación do gremio, Alfonso Sanmartín, caíanlle os ollos de envexa ante a afluencia –multitudinaria, gozosa, lúdica– que cada día colapsaba a caseta de Galicia na feira: Nunca pensara que na Habana fa vender libros en galego como non vendera na vida, mesmo nas feiras interiores, convertidas ultimamente nunha demostración de terrorífica apatía por parte dos lectores.

Pero na Habana, capital culta e cosmopolita dun estado con máis de cen anos de historia, o libro é unha especie de prezado tesouro, unha fiestra que os abre ao mundo e que, ao mesmo tempo, lles permite a eles reconecerse a si mesmos dentro da súa singularidade mestiza. Para calquera galego, era emocionante viaxar nos autobuses públicos e ver como unha boa parte dos usuarios lía con deleite –sorrindo– a Vicente Risco, a Chus Pato, a Manuel Rivas, a Uxío Novoneyra ou a Neira Vilas, incluídos –entre outros moitos– nas antoloxías que a Consellería de Cultura repartiu gratuitamente na feira do libro. Nunca a Cultura galega fora vista por tantos ollos.


Aconteceu tamén nos concertos de Dios ke te crew –apoteósico no recinto de La Cabaña, sede da feira–, no de Carlos Núñez coa Filharmonía ou de Mercedes Peón, que deixou coa boca aberta ao mesmo Raúl Castro, ansioso de facerse con toda a discografía desta incommensurable artista galega.

Na feira, Galicia recibiu o premio á mellor caseta internacional, e, ademais, como puntualizou o Bugallo, asináronse acordos institucionais co Instituto de Literatura e Lingua de Cuba; a Escola Internacional de Cine de Cuba; o Instituto Superior de Arte (ISA); e o Museo Nacional de Belas Artes. Ademais, houbo colaboracións de artistas galegos e cubanos nos proxectos ‘Descarga ao vivo’ (música) e ‘Ópticas cruzadas’ (cine). Segundo a conselleira, hai “un



Miles de cubanos pasearon durante quince días polo recinto de La Cabaña, sede da Feira do Libro da Habana

REACCIÓNS



Miguelanxo Prado

**Miguelanxo Prado**

“Queiro traballar en Galicia como galego, pero a Cultura galega necesita darse a coñecer fóra do país en actos como o da Feira do Libro da Habana”.



Alfonso Sanmartín

**Alfonso Sanmartín**

“Que Galicia sexa criticada por investir na proxección da súa cultura é consecuencia da ignorancia e da concepción da cultura como arte para elites”.



Marilar Aleixandre

**Marilar Aleixandre**

Marilar Aleixandre foi unha das escritoras que participou no acto. Ela, como Villares ou Cesáreo Sánchez, expresou o apoio á iniciativa e á presenza galega en Cuba.

antes e un despois” da presenza na Feira da Habana e logrouse “un grande éxito” na proxección internacional da cultura galega. Destacou que neste evento “por primeira vez, a cultura galega funcionou como un equipo” e fixo “unha demostración clara de orgullo e calidade”.

“Que un país pequeno sexa criticado por investir unha modesta cantidade dos orzamentos anuais do seu goberno, co fin de sentar bases estratéxicas coas que poidan reforzar a presenza de Galicia no seu conxunto, e sinaladamente da industria editorial e da cultural –con moitos outros produtos que ofrecer en Suramérica– é consecuencia da ignorancia, e tamén da concepción da cultura como ‘arte’ para unha elite”, leu Alfonso Sanmartín, en alusión a un texto que a AGE colgou na súa web.

Foi tras esta alusión e a preguntas dos xornalistas, cando Ánxela Bugallo afirmou durante a roda de prensa que o seu departamento e a delegación cultural galega “non ten” que xustificarse e constatou que Galicia superou “con nota” a “proba” de ser cultura invitada na Habana. Tamén rexeitou que o aceptar a invitación do Goberno cubano signifique “lexitimizar” o seu réxime e dixo que “a miúdo se están utilizando argumentos contra a cultura que nada teñen que ver coa cultura”. ●

PERSPECTIVAS

## Penetrando no circuío internacional

A conselleira nomeou os próximos obxectivos da acción exterior do seu departamento: Galicia será convidada de honra da Feira Marítima de Brest en xullo deste ano e acaba de presentar a candidatura para Guadalajara 2011, a principal Feira do Libro de América Latina.

Ademais, o departamento de Bugallo, xunto coa AGE, ten previsto un plan de expansión

–anunciado recentemente polo presidente da asociación gremial– para desembarcar no mercado brasileiro. Para Sanmartín, Brasil é precisamente un horizonte aberto de cara á presenza do libro galego, que ao seu parecer debería aproveitar o escaso entendemento da antiga colonia portuguesa coa metrópole para gañar cotas de mercado no país austral.

Ademais, Galicia ten presenza regular en acontecementos europeos como a Feira Frankfurt ou na de Boloña, esta última especializada na Literatura para lectores máis novos. Porén, a diferenza destes dous últimos encontros –máis centi ados nos contactos entre empresas– a Feira do Libro da Habana ou a de Guadalajara apostan pola venda directa e o achegamento ao público.